

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**10103** *Real decreto 685/2013, do 16 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa.*

O Regulamento (CE) n.º 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa e modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e as directivas 92/102/CEE e 64/432/CEE, foi modificado en cinco ocasións. A aplicación do regulamento en España regúlase por medio do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, o cal foi, pola súa vez, modificado en catro ocasións.

Coa finalidade de adaptar diversos aspectos das últimas modificacións do regulamento e eliminar disposicións do real decreto que quedaron obsoletas, en prol dunha maior racionalidade e clareza, cómpre proceder á elaboración dun novo real decreto para regular o sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa, que substitúa o Real decreto 947/2005, do 29 de xullo.

A través desta norma modifícase o disposto polo Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina ovina e cabrúa, no que respecta ao código de identificación da explotación de procedencia para o adaptar ao Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (Rega).

Así mesmo, o Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais, debe ser modificado para incluír o rexistro dos datos de morte das especies ovina e cabrúa e por incluír especies non contidas no Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, e as entidades representativas do sector.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de setembro de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as características básicas do sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa en España, en virtude do disposto no Regulamento (CE) n.º 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especie ovina e cabrúa e modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e as directivas 92/102/CEE e 64/432 CEE.

**Artigo 2. Definicións.**

1. Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.
2. Así mesmo, entenderase como:
  - a) Animal: os animais pertencentes ás especies ovina e cabrúa.
  - b) Posuidor ou titular: calquera persoa física ou xurídica propietaria ou responsable dos animais, con carácter permanente ou temporal, mesmo durante o transporte ou nun mercado.
  - c) Movementos: as entradas ou saídas de animais da explotación procedentes de ou con destino a calquera punto do territorio español.
  - d) Intercambios intracomunitarios: os intercambios tal e como se definen no artigo 2.c) do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen os controis veterinarios e zootécnicos aplicables nos intercambios intracomunitarios de determinados animais vivos e produtos con vistas á realización do mercado interior.
  - e) Identificador electrónico: elemento destinado á identificación animal que contén un transpondedor.
  - f) Transpondedor: dispositivo que transmite a información que ten almacenada cando é activado por un transceptor.
  - g) Transceptor ou lector de radiofrecuencia: dispositivo utilizado para comunicarse co transpondedor.
  - h) Código do transpondedor: código electrónico de sesenta e catro bits programado no transpondedor e que se usa para a identificación electrónica dos animais.
  - i) Documento de movemento: o documento establecido no artigo 6 do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.

**Artigo 3. Elementos do sistema de identificación e rexistro.**

O sistema de identificación e rexistro inclúe:

- a) Medios de identificación para a identificación de cada animal.
- b) Libros de rexistro actualizados en cada explotación.
- c) Documentos de movemento.
- e) Bases de datos informatizadas.

**CAPÍTULO II****Medios de identificación****Artigo 4. Descrición dos medios de identificación.**

1. Todos os animais nados en España despois do 9 de xullo de 2005, salvo as excepcións previstas no artigo 5, serán identificados mediante unha marca auricular e un identificador electrónico, autorizados pola autoridade competente.
2. A marca auricular consistirá nun brinco de plástico que se colocará, salvo imposibilidade material de facelo, na orella dereita do animal, coas características recollidas na letra A do anexo I.
3. O identificador electrónico será un bolo ruminal. Non obstante, nos animais da especie ovina, e logo de aprobación da autoridade competente, o bolo ruminal poderá substituírse por unha marca auricular electrónica; e nos animais da especie cabrúa, e logo de aprobación da autoridade competente, o bolo ruminal poderá substituírse por calquera das seguintes alternativas: unha marca auricular electrónica, unha marca electrónica na cuartela da extremidade posterior dereita ou un inxectable no metatarso dereito. Nos casos en que o identificador electrónico sexa un inxectable, deberá indicarse no documento de movemento dos animais o tipo de dispositivo e a súa localización exacta no animal.

Cando se autorice o uso dun identificador electrónico diferente do bolo ruminal nos animais da especie ovina ou cabrúa, as autoridades competentes informarán e comunicarán o tipo de identificador electrónico ao Comité Español de Identificación Electrónica dos Animais (CEIEA), establecido na Orde APA/2405/2002, do 27 de setembro, pola que se crea o Comité Español de Identificación Electrónica dos Animais.

Todo identificador electrónico deberá cumprir as características xerais recollidas na letra C do anexo I. As características específicas do bolo ruminal defínense na letra D do mesmo anexo, as do identificador electrónico inxectable defínense na letra E, as da marca electrónica na cuartela na letra F, e as da marca auricular electrónica na letra G, sempre do citado anexo I. Non obstante, para aqueles animais destinados a intercambios intracomunitarios soamente serán válidos o bolo ruminal ou a marca auricular electrónica.

4. A marca auricular e o identificador electrónico levarán un mesmo código de identificación animal, que estará composto polos seguintes caracteres: a identificación de España segundo o código de país de acordo coa norma UNE-ISO 3166, mediante as letras ES no brinco ou o código 724 no identificador electrónico, seguidos de 12 caracteres numéricos que responderán ás seguintes estruturas:

- a) Dous díxitos que identifican a comunidade autónoma ou cidades de Ceuta ou Melilla, de acordo coa táboa que figura no anexo II.
- b) Dez díxitos de identificación individual do animal.

5. A estrutura do código do transpondedor deberá cumprir as características do anexo III.

6. Os medios de identificación colocaranse nos animais nun prazo máximo de seis meses a partir do seu nacemento e, en calquera caso, antes de que o animal abandone a explotación en que naceu. Non obstante, con carácter excepcional, as autoridades competentes poderán ampliar este prazo até nove meses para os animais criados en sistemas de gandaría extensiva, de acordo coas disposicións de aplicación que, se for o caso, poida establecer a Comisión Europea. As autoridades competentes notificarán á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente as excepcións concedidas ás explotacións afectadas a fin de trasladar esta información á Comisión.

#### Artigo 5. *Excepcións.*

1. Non obstante o disposto no artigo 4, os animais que se destinen a sacrificio antes dos 12 meses de idade dentro do territorio nacional poderán identificarse por medio dunha única marca auricular, aprobada pola autoridade competente, que se colocará, preferiblemente, na orella esquerda do animal, e que deberá cumprir coas características previstas na letra B do anexo I.

Os animais identificados conforme o presente número e que están destinados a ser mantidos alén da idade de 12 meses deberán identificarse segundo o establecido no artigo 4 co fin de garantir a rastrexabilidade completa de cada animal até a explotación de nacemento.

2. A autoridade competente poderá decidir que o disposto no artigo 4 non sexa aplicable aos animais que se encontren en parques zoolóxicos, e sexan trasladados entre eles, autorizados de conformidade co artigo 13, número 2, da Directiva 92/65/CEE do Consello, sempre que os animais se identifiquen individualmente e se poida garantir a súa rastrexabilidade.

3. Aqueles animais que por motivos fisiolóxicos ou morfolóxicos teñan dificultades para identificarse mediante os medios establecidos no artigo 4 poderanse identificar con outros medios de identificación recollidos no regulamento, logo de comunicación e autorización do Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro.

*Artigo 6. Asignación, distribución, colocación e destrución dos medios de identificación.*

1. Os medios de identificación serán asignados á explotación, distribuídos e colocados nos animais do modo que determine a autoridade competente, logo de comunicación por parte dos titulares ou posuidores de animais.

2. Os medios de identificación previstos neste real decreto non serán reutilizables en identificación animal. Non obstante, para os medios de identificación convencionais permítese a súa reciclaxe como material plástico. As autoridades competentes establecerán o sistema máis adecuado para evitar a súa reutilización como medios de identificación.

3. Non se poderá retirar nin substituír ningún medio de identificación sen a autorización da autoridade competente. No caso de perda ou deterioración dun medio de identificación, este será substituído, o antes posible, por un novo co mesmo código de identificación animal. Neste caso, no transpondedor que o substitúa indicárase o número de duplicado.

4. As autoridades competentes establecerán o sistema máis adecuado para que, após o sacrificio dos animais, se asegure a recuperación dos medios de identificación e se garanta, en particular, que o identificador electrónico non chegue á cadea alimentaria, así como a súa desactivación ou, cando proceda, destrución. No caso de morte do animal, velarase por que durante o proceso de transformación ou destrución do cadáver o identificador sexa, igualmente, inactivado ou destruído.

*Artigo 7. Identificación dos animais obxecto de intercambios cun terceiro país.*

1. Todo animal destinado á exportación a un terceiro país será identificado de acordo co previsto no artigo 4.

Non obstante, aqueles animais identificados segundo o número 1 do artigo 5 que se destinen á exportación a terceiros países antes da idade de 12 meses poderán identificarse mediante unha marca auricular que cumpra as características previstas na letra A do anexo I e unha marca auricular electrónica que cumpra as características previstas na letra H do anexo I.

2. Os animais importados dun país non comunitario que superasen satisfactoriamente os controis establecidos polo Real decreto 1430/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios e de identidade dos animais que se introducen na Comunidade procedentes de terceiros países, e que permanezan en territorio español serán identificados, de acordo co disposto no artigo 4, na primeira explotación de cría de destino en España nun prazo non superior a 14 días contados desde a data en que foron sometidos aos controis citados e, en calquera caso, antes de abandonaren a explotación.

3. Non obstante, non será necesario identificar os animais se a primeira explotación de destino en España é un matadoiro e se sacrifican os animais no prazo dos cinco días hábiles seguintes á realización dos controis mencionados no número 2.

4. A identificación orixinal establecida polo terceiro país de procedencia, xunto co código de identificación animal que se lle asigne en España, rexistrárase no libro de rexistro da explotación descrito no capítulo III.

*Artigo 8. Identificación dos animais obxecto de intercambios intracomunitarios.*

1. Todo animal destinado a intercambio intracomunitario será identificado de acordo co previsto no artigo 4.

Non obstante, aqueles animais identificados segundo o número 1 do artigo 5 que se destinen ao comercio intracomunitario antes da idade de 12 meses poderán identificarse mediante unha marca auricular que cumpra as características previstas na letra A do anexo I e unha marca auricular electrónica que cumpra as características previstas na letra H do anexo I.

2. O número de identificación electrónica individual e as características do medio utilizado figurarán no certificado previsto para os intercambios polo Real decreto 1941/2004, do 27 de setembro, polo que se establecen as normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de terceiros países de animais das especies ovina e cabrúa.

3. Todo animal procedente doutro Estado membro conservará a súa identificación de orixe.

4. No caso de perda ou deterioración dalgún dos medios de identificación, procederase á súa reposición ou substitución por outro, con idéntico código de identificación animal ao da marca que se repón ou substitúe, cuxo modelo se axuste ao previsto neste real decreto.

## CAPÍTULO III

### Libro de rexistro na explotación

Artigo 9. *Libro de rexistro da explotación.*

1. Os titulares ou posuidores de animais, excepto o transportista, deberán levar na súa explotación, de maneira actualizada, un libro de rexistro de explotación.

2. O libro de rexistro terá un formato aprobado pola autoridade competente, levarase de forma manual ou informatizada e conterá os datos mínimos que se indican no número 1 do anexo IV. Para os animais nados a partir do 31 de decembro de 2009 e identificados individualmente, engadirase a información que se indica no número 2 do citado anexo IV.

Non obstante, no caso de animais identificados segundo o número 1 do artigo 5, a información recollida no número 2 do anexo IV facilítase para cada lote de animais coa mesma identificación e deberá incluír o número de animais.

3. O libro de rexistro estará dispoñible na explotación e será accesible para a autoridade competente, a pedimento desta, durante un período non inferior a tres anos desde a última anotación.

4. As autoridades competentes comunicarán á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente o modelo de libro de rexistro de explotación aprobado no seu territorio, para os efectos de que esta o comunique á Comisión Europea e aos demais Estados membros, en cumprimento do establecido polo artigo 5.6 do Regulamento (CE) n.º 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003.

## CAPÍTULO IV

### Documento de movemento

Artigo 10. *Documento de movemento.*

1. O documento de movemento dos animais rexeráse polo artigo 6 do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño.

A información recollida no documento de movemento será a establecida no anexo VII do citado real decreto.

2. A indicación do código de identificación animal será obrigatoria para todos os animais. Para os animais identificados de acordo co número 1 do artigo 5, indícase o código da explotación de nacemento do animal recollido na marca auricular de identificación.

3. As autoridades competentes comunicarán á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente os modelos de documento de movemento, para a súa remisión á Comisión Europea e aos demais Estados membros.

## CAPÍTULO V

**Bases de datos informatizadas**Artigo 11. *Rexistro de explotacións.*

1. Integrada no Rexistro xeral de explotacións gandeiras (Rega) establecido no artigo 3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, ao cal se aterá no que se refire ao seu contido e funcionamento, créase unha nova sección relativa ao Rexistro xeral de explotacións ovinas e cabrúas. O dito rexistro, adscrito á Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, conterá a información relativa a todas as explotacións destas especies que estean situadas en España.

2. As comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla inscribirán no rexistro as explotacións de acordo co establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, consoante as clasificacións previstas no número 3 deste artigo, e farán constar todos os datos establecidos no anexo II do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, salvo os puntos B.8 (clasificación segundo o sistema produtivo), B.10 (clasificación segundo a capacidade produtiva), B.11 (clasificación segundo a forma de cría) e B.15 (capacidade máxima), de acordo co disposto no último parágrafo da letra B do citado anexo II.

3. Para os efectos da súa inclusión no Rexistro xeral de explotacións ovinas e cabrúas, establécense as seguintes clasificacións zootécnicas:

a) Explotacións de reprodución: aquelas que dispoñen de femias reprodutoras, destinadas á produción de leite ou de años ou cabritos para seren vendidos na desteta ou seren cebados. De acordo coa súa orientación produtiva poden ser:

1.º Explotación para produción de leite: a que ten por obxecto a produción e, se for o caso, comercialización de leite ou produtos lácteos, polo que as ovellas ou cabras son sometidas a muxidura con tal finalidade.

2.º Explotación para produción de carne: a que ten por obxecto a produción de años ou cabritos destinados á produción de carne e, en consecuencia, as ovellas/cabras non son sometidas a muxidura con finalidade de comercializar leite ou produtos lácteos.

3.º Mixta: a que reúne varias orientacións produtivas.

b) Cebadoiros: aqueles que non dispoñen de animais destinados á reprodución e están dedicados á engorda de animais con destino a un matadoiro.

4. Os titulares das explotacións ovinas e cabrúas, ademais de cumpriren coas obrigas previstas no artigo 4 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, deberán subministrarlle á autoridade competente, antes do 1 de marzo de cada ano, o censo total de animais, por especie, mantidos na súa explotación a día 1 de xaneiro, de acordo coas seguintes categorías de animais:

- a) Non reprodutores de menos de 4 meses.
- b) Non reprodutores de 4 a 12 meses.
- c) Reprodutores machos.
- d) Reprodutores femias.

Artigo 12. *Rexistro de movementos.*

1. O rexistro de movementos dos animais das especies ovina e cabrúa rexerá polo artigo 3 do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño.

2. O rexistro deberá conter a información que figura no anexo II do citado real decreto.

3. Para os animais identificados individualmente será obrigatorio incluír o código de identificación individual dos animais implicados no movemento.



Artigo 13. *Rexistro de animais identificados individualmente.*

1. O rexistro de animais identificados individualmente das especies ovina e cabrúa regularase segundo o recollido no artigo 4 do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño.

A información do rexistro recollerá os datos do anexo IV do citado real decreto.

2. As autoridades competentes establecerán a forma en que os posuidores ou titulares deberán facilitar, ao menos unha vez ao ano, a relación de animais identificados electronicamente na explotación, para os efectos da actualización do seu rexistro.

Artigo 14. *Base de datos de códigos de transpondedores.*

1. Co obxectivo de asegurar a unicidade dos códigos dos transpondedores utilizados para os animais das especies ovina e cabrúa, existirá unha base de datos de códigos de transpondedores.

2. A base de datos incluírá os datos que constan nos rexistros xestionados polos órganos competentes.

3. A base de datos conterá a totalidade dos códigos dos transpondedores adquiridos e asignados en España.

4. A base de datos estará composta por un servidor central e unha rede de comunicacións que manterá unido permanentemente o servidor central e as aplicacións informáticas das autoridades competentes.

Artigo 15. *Xestión da base de datos de códigos de transpondedores.*

1. Para os efectos deste real decreto, será o Comité Español de Identificación Electrónica dos Animais, como órgano colexiado adscrito á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, o encargado de garantir a unicidade dos códigos dos transpondedores ante o Organismo Internacional de Normalización (ISO).

2. Este comité velará polo mantemento da base de datos e creará a estrutura orgánica necesaria para que cada código utilizado en España sexa único e irrepetible.

3. Os códigos dos transpondedores residirán nos ficheiros informáticos das autoridades competentes e poderán ser consultados polos órganos xestores da base de datos desde o servidor central.

4. As autoridades competentes introducirán na base de datos a información recollida no anexo V.

5. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla establecerán os medios adecuados para detectar a notificación de dous códigos idénticos á base de datos, así como para garantir a autenticidade e conservación dos ficheiros localizados nos seus respectivos equipos.

6. A información que figura no anexo V manterase nos ficheiros das autoridades competentes por un período mínimo de 20 anos no caso dos códigos dos transpondedores asignados e por un período indefinido no caso dos códigos dos transpondedores adquiridos.

## CAPÍTULO VI

### Controis e sancións

Artigo 16. *Controis.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente exercerá unha función coordinadora no relacionado cos controis e, en particular, na selección das explotacións obxecto de inspección, co fin de garantir tanto a aplicación harmónica dos criterios de selección da mostra como, no que respecta ao nivel mínimo de controis que deban realizarse no marco do sistema de identificación e rexistro de animais da especie ovina e cabrúa, para asegurar o respecto das porcentaxes de inspección das explotacións situadas no territorio español establecidas pola normativa comunitaria.

2. As autoridades competentes levarán a cabo inspeccións sobre o terreo que poderán realizarse de maneira conxunta con outras actuacións de control establecidas pola lexislación comunitaria, para verificar o cumprimento dos requisitos deste real decreto. A selección das explotacións que se van inspeccionar deberá ser realizada pola autoridade competente sobre a base dunha análise de risco. A realización da análise de risco para cada explotación deberá ter en conta os criterios formulados na normativa comunitaria e os que se establezan no nivel nacional.

3. O resultado de toda inspección sobre o terreo deberá reflectirse nunha acta ou informe que indique, con detalle, os resultados do control, calquera anomalía detectada, o motivo da realización e as persoas presentes nel.

O posuidor ou a persoa que o represente deberá ter a posibilidade de asinar a acta e indicar as súas observacións respecto do seu contido.

4. As autoridades competentes remitirán anualmente, antes do 30 de abril, ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, un informe sobre as inspeccións realizadas que inclúa, ao menos, os datos mencionados no anexo VI.

#### Artigo 17. *Incumprimentos e sancións.*

Sen prexuízo da aplicación das penalizacións previstas no Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, o incumprimento das disposicións deste real decreto e, en particular, a manipulación ou utilización irregular ou fraudulenta das marcas auriculares e documentos de movemento mencionados nel dará lugar á aplicación das sancións establecidas na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

### CAPÍTULO VII

#### Financiamento do sistema

#### Artigo 18. *Participación financeira na sustentación do sistema.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá contribuír ao financiamento da implantación do sistema de identificación obrigatorio até un máximo do 50 %, en función das dispoñibilidades orzamentarias. O financiamento efectuarase con cargo aos créditos dispoñibles na aplicación orzamentaria que para tal finalidade se determine nos orzamentos xerais do Estado para cada ano.

A participación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente será obxecto de distribución territorial conforme o previsto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Os posuidores definidos no artigo 2 contribuírán ao financiamento do custo restante do sistema de identificación e rexistro, na forma e contía que determinen os órganos competentes.

#### Disposición adicional primeira. *Obrigas respecto á rastrexabilidade para os produtores de leite de ovella e cabra.*

1. Os produtores de leite de ovella e cabra que comercialicen leite deberán anotar nun rexistro todas as entregas de leite realizadas. O formato de libro de rexistro de entregas de leite será establecido pola autoridade competente, levarase de forma manual ou informatizada e nel consignaranse, ao menos, a data da entrega, a cantidade de produto (leite de ovella ou cabra) en quilogramos, a matrícula do vehículo que realiza a recolla e o destino do leite (comprador) e, se for o caso, relación co documento comercial asociado (albará).



2. O rexistro de entregas de leite asociado a cada explotación servirá aos posuidores para cumprir as súas obrigas respecto ao seguimento do produto establecido polo Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguranza Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguranza alimentaria.

Disposición adicional segunda. *Medios para as bases de datos informatizadas.*

As bases de datos informatizadas a que se refire o capítulo V serán atendidas cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Disposición adicional terceira. *Referencia normativa.*

As mencións que na vixente normativa se realizan ao Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, entenderanse feitas ao presente real decreto.

Disposición transitoria única. *Animais xa identificados, bases de datos e libros de rexistro de explotación.*

1. Os animais identificados á entrada en vigor desta disposición, de acordo co Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa, consideraranse validamente identificados para os efectos do presente real decreto.

2. Así mesmo, os animais nados antes do 9 de xullo de 2005 que estean identificados de acordo ao Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e cabrúa, consideraranse validamente identificados para os efectos do presente real decreto.

3. A información que na actualidade figura no Rexistro xeral de explotacións ovinas e cabrúas e a base de datos de códigos de transpondedores integraranse nos correspondentes rexistros e bases de datos previstas nos artigos 13 e 14, á entrada en vigor do real decreto.

4. Todos os libros de rexistro da explotación válidos á entrada en vigor deste real decreto manteranse nos seus mesmos termos, sen prexuízo do formato que poida ser aprobado por cada autoridade competente no seu territorio.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Exceptúase o artigo 7 e o réxime sancionador correspondente, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a modificación dos anexos e das datas mencionadas no artigo 9.2 e no anexo IV.2, para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de coordinación.*

Corresponden ao Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro creado polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, as funcións de coordinación en materia de identificación e rexistro das especies ovina e cabrúa e ao Comité Español de Identificación Electrónica dos Animais (CEIEA) establecido na Orde APA/2405/2002, do 27 de setembro, as relativas á coordinación e asesoramento técnico do citado comité en materia de identificación electrónica destas especies.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e cabrúa.*

O artigo 7 do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e cabrúa, queda redactado do seguinte modo:

«Todos os animais da especie porcina deberán ser marcados o antes posible e, en calquera caso, antes de saíren da explotación cunha marca, consistente nun brinco auricular ou unha tatuaxe segundo o que estableza a autoridade competente, de similares características ás descritas no anexo V. Esta marca determinará a explotación de que proceden os animais e conterá a estrutura establecida no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (Rega).»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.*

No anexo IV do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais, engádese a seguinte alínea:

«g. Data de morte (se está morto).»

No anexo XI do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais, as dúas últimas liñas substitúense polas seguintes:

«Especies cinexéticas de caza maior de cría (incluíndo corzos, cervos, gamos e xabarís): REMO.  
Outras: REMO.»

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de setembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

## ANEXO I

**Características dos medios de identificación e dos dispositivos para a súa aplicación e lectura**
**A. Características das marcas auriculares dos animais**


1. A marca auricular consistirá nun brinco de tipo bandeira.
2. A cor será amarelo RAL 1016 ou, se vai acompañado dun identificador electrónico inxectable como medio de identificación principal, laranxa RAL 1028, en ambos os casos estable aos raios ultravioletas.
3. Fabricarase nun material plástico biocompatible de alta flexibilidade, non elástico, inalterable e ningunha das dúas pezas será reutilizable. Unha vez implantado permanecerá suxeito ao animal sen afectar o seu benestar e será facilmente visible a distancia durante toda a vida do animal.
4. A marca auricular, a proba de falsificacións, constará de dúas pezas, macho e femia. Ambas as pezas presentarán un escudo constitucional por inxección ou por láser no anverso da peza cunhas dimensións máximas de 7 x 7 mm e indicación da data de fabricación a través dun datador na matrizaría.

A peza femia será de cabeza fechada e permitirá unha máxima rotación e aireación.

A punta da hasta da peza macho será de aliaxe metálica resistente á oxidación e o seu tamaño deberase axustar ás medidas da cabeza da peza femia, de forma que se asegure a suxeición permanente das pezas macho e femia entre si.

Medidas de cada peza:

- Alto: 35-42 mm.
- Largo: 34-40 mm.
- Espesor do corpo:  $1 \pm 0,2$  mm.
- Distancia de separación entre pezas: mínimo 9 mm.


**5. Características:**

O brinco debe reunir as características exixidas polo International Committee for Animal Recording (ICAR) en canto non existan normas ISO ou UNE específicas.

Para poder verificar o cumprimento das características do material expostas no número anterior, o fabricante deberá presentar:

- Unha declaración de conformidade do seu produto coas normas anteriores e os ensaios descritos.
- Un expediente técnico emitido por un laboratorio independente de ensaio acreditado de forma pertinente para este tipo de ensaios segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Non obstante, o fabricante poderá demostrar o cumprimento dos requisitos anteriores mediante certificación por un organismo convenientemente acreditado.

6. O brinco levará impreso, de forma indeleble, o código de identificación animal definido no número 4 do artigo 4.

Este código disporase en tres liñas. A primeira delas reflectirá as letras ES (segundo a Norma UNE-EN-ISO 3166) e os dous primeiros díxitos do código representativos da comunidade autónoma ou cidades de Ceuta ou Melilla. A segunda liña, os seguintes cinco díxitos do código, e a terceira, os cinco últimos díxitos.

A impresión será por láser, sen adición nin subtracción de pigmentos, cun contraste mínimo do 74 % negro e cunha separación mínima entre caracteres de 1,5 mm. O tamaño de fonte mínimo para a primeira e segunda liña de caracteres será de 4 mm de altura, e de 8 mm de altura para a terceira, e recoméndase que sexa o máximo que permita a presentación do código alfanumérico en tres liñas.

Adicionalmente, poderán conter un código de barras, sempre que isto non afecte a lexibilidade do código de identificación animal.

7. O brinco visual presentarse de forma conxunta ao dispositivo electrónico nun kit de identificación

#### B. Características das marcas auriculares establecidas no número 1 do artigo 5

1. A marca consistirá nun brinco de forma rectangular.  
2. A cor será amarelo RAL 1016 e estable aos raios ultravioletas.  
3. Fabricarase nun material plástico biocompatible de alta flexibilidade, non elástico, inalterable. Unha vez implantado permanecerá suxeito ao animal sen afectar o seu benestar e será facilmente visible a distancia durante toda a vida do animal.


4. A marca auricular constará de dúas pezas, macho e femia, que poden estar unidas entre si formando unha única. Ambas as pezas presentarán un escudo constitucional por inxección ou por láser no anverso da peza cunhas dimensións máximas de 7 x 7 mm e indicación da data de fabricación por medio dun datador na matrizaría.

A peza femia posuirá unha cabeza fechada ou aberta e permitirá unha máxima aireación.

A punta da hasta da peza macho poderá ser do mesmo material que o corpo ou de aliaxe metálica resistente á oxidación e o seu tamaño deberase axustar ás medidas da cabeza ou oco da peza femia, de forma que se asegure a suxeición permanente das pezas macho e femia entre si.

Medidas de cada peza:

- Alto: 40 ±6 mm.
- Largo: 15 ±5 mm.
- Espesor do corpo: 2 ±1 mm.
- Distancia de separación entre pezas: mínimo 9 mm.



5. O brinco levará impreso de forma indeleble o código de identificación da explotación de nacemento, segundo a estrutura establecida no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (Rega).

Adicionalmente, poderá conter un código de barras ou o código de explotación do cebadeiro en que se encontren, sempre que isto non afecte a lexibilidade do código de identificación.

#### C. *Características xerais dos identificadores electrónicos*

1. Os identificadores electrónicos deberán axustarse ao cumprimento das normas UNE-ISO 11784, UNE-ISO 11785 ou equivalentes, e ás posteriores modificacións de cada unha.

O cumprimento pode demostrarse a través de certificados de cada unha das normas (ou normas equivalentes).

2. A estrutura do código do transpondedor será a prevista no anexo III.

3. Tratarase de transpondedores pasivos, soamente de lectura, que utilicen tecnoloxía HDX ou FDX-B ou equivalentes.

4. O código contido nos transpondedores deberá ser lexible por medio de equipos e dispositivos de lectura axustados á norma UNE-ISO 11785 e aptos para a lectura de transpondedores HDX e FDX-B ou equivalentes.

5. As distancias de lectura mínimas deberán ser:

a) Para as marcas auriculares, transpondedores inxectables e marcas na quartela, 12 cm, no caso de lectores portátiles e 30 cm no caso de lectores fixos.

b) Para os bolos ruminais 30 cm no caso de lectores portátiles e 50 cm no caso de lectores fixos.

#### D. *Características específicas do bolo ruminal*

O bolo ruminal estará composto por un corpo formado por unha peza cilíndrica ou ovalada de superficie lisa e bordos arredondados fabricado con material biocompatible e impermeable de alto peso específico.

Deberá aloxar o transpondedor no seu interior. A cavidade que contén o identificador electrónico e o seu orificio de entrada deberán estar selados de forma segura, con material atóxico e resistente ás accións dixestivas dos ruminantes, para evitar a posible saída e consecuente perda do identificador electrónico do corpo. O corpo caracterizarase por non conter ningún elemento magnético ou metálico.

As medidas da peza serán:

– Lonxitude: 50-75 mm.

– Diámetro: 10-23 mm.

– Peso: 20-85 g.

#### E. *Características específicas do identificador electrónico inxectable*

O inxectable estará composto por un transpondedor encapsulado en material biocompatible e que asegure a súa estanquidade. As dimensións dos inxectables serán como mínimo de 12 mm de lonxitude.

Aplicarase mediante inxección subcutánea na cara plantar do metatarso enriba do espazo interdixital e na dirección vertical descendente, ou dirección dorso-ventral, da extremidade traseira dereita.


#### F. *Características específicas da marca electrónica na quartela*

1. A marca electrónica na quartela ou pulseira electrónica consistirá nunha banda plástica de bordos romos, cun sistema de fecho inviolable.

2. A cor será amarelo RAL 1016 e estable aos raios ultravioletas.
3. Fabricarase nun material plástico de alta flexibilidade, non elástico, inalterable, a proba de falsificacións, non reutilizable e biocompatible. Permanecerá suxeito ao animal sen afectar o seu benestar e será facilmente visible a distancia durante toda a vida do animal.
4. A pulseira electrónica constará dunha banda e dun sistema de feche, inviolable. Presentará un escudo constitucional por inxección ou por láser no anverso da peza cunhas dimensións máximas de 7 x 7 mm.

Medidas da peza: as medidas da peza serán as seguintes:

- Largo: 160-200 mm.
- Alto: 30-40 mm.
- Espesor: 1,5-4 mm. Excepcionalmente aceptaranse grosos fóra deste rango, para porcións terminais, feches e/ou reforzos estruturais.



5. Características:

O material debe reunir as características exixidas polo International Committee for Animal Recording (ICAR) para brincos, en canto non existan normas ISO ou UNE específicas.

Para poder verificar o cumprimento das características do material expostas no número anterior, o fabricante deberá presentar:

- Unha declaración de conformidade do seu produto coas normas anteriores e os ensaios descritos.
- Un expediente técnico emitido por un laboratorio independente de ensaio acreditado de forma pertinente para este tipo de ensaios segundo a Norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Non obstante, o fabricante poderá demostrar o cumprimento dos requisitos anteriores mediante certificación dun organismo convenientemente acreditado.

O transpondedor deberá encontrarse aloxado na pulseira e asegurarse a súa inviolabilidade e permanencia.

6. A pulseira levará impreso de forma indeleble o código de identificación animal. O código dispórase en dúas liñas paralelas ao eixe maior; a primeira liña estará formada polas letras ES (segundo a Norma UNE-EN-ISO 3166), seguidas polos dous primeiros díxitos do código representativos da comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla. A segunda liña estará formada polos seguintes dez díxitos de identificación individual. A impresión será por láser, cun contraste mínimo do 74 % negro e cunha separación mínima entre caracteres de 1 mm. O tamaño de fonte mínimo será de 12 mm de altura para a primeira liña e 8 mm de altura para a segunda.

Adicionalmente, o anverso da banda poderá conter un código de barras, sempre que isto non afecte a lexibilidade do código de identificación animal.

7. A aplicación deberá realizarse na extremidade posterior dereita por enriba da rexión do pexadoiro, rodeando na súa totalidade a rexión da canela. Deberá, ademais,



ofrecer diversas posibilidades de axuste en tamaño para permitir a súa aplicación en diversas razas e grupos de idade.

G. *Características específicas da marca auricular electrónica*

1. A marca auricular consistirá nun brinco tipo botón-botón.  
 2. A cor será amarelo RAL 1016 e estable aos raios ultravioletas.  
 3. Fabricarase nun material plástico de alta flexibilidade, non elástico, inalterable, non reutilizable e biocompatible. Unha vez implantado, permanecerá suxeito ao animal sen afectar o seu benestar e será facilmente visible a distancia durante toda a vida do animal.

4. A marca auricular, a proba de falsificacións, constará de dúas pezas, macho e femia. Ambas as pezas presentarán un escudo constitucional por inxección ou por láser no anverso da peza cunhas dimensións máximas de 7 x 7 mm e indicación da data de fabricación a través dun datador na matrizaría.


A peza femia será de cabeza fechada, conterá o transpondedor inviolable e permitirá unha máxima rotación e aireación. Deberase asegurar a estanquidade da cavidade que aloxe o transpondedor.

A punta da hasta da peza macho será de aliaxe metálica resistente á oxidación e o seu tamaño deberase axustar ás medidas da cabeza da peza femia, de forma que se asegure a suxeición das pezas macho e femia entre si.

Medidas de cada peza:

- Diámetro externo da peza: 20-34 mm.
- Espesor: 4 - 7 mm na femia e  $1 \pm 0,25$  mm no macho.
- Distancia de separación entre pezas: mínimo 9,5 mm.

O peso máximo do conxunto (peza femia + peza macho) será de 8,5 g.



5. Características:

O brinco debe reunir as características exixidas polo International Committee for Animal Recording (ICAR) en canto non existan normas ISO ou UNE específicas.

Para poder verificar o cumprimento das características do material expostas no número anterior, o fabricante deberá presentar:

- Unha declaración de conformidade do seu produto coas normas anteriores e os ensaios descritos.
- Un expediente técnico emitido por un laboratorio independente de ensaio acreditado de forma pertinente para este tipo de ensaios segundo a Norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Non obstante, o fabricante poderá demostrar o cumprimento dos requisitos anteriores mediante certificación por un organismo convenientemente acreditado.

6. O brinco levará impreso en ambas as pezas, de forma indeleble, o mesmo código de identificación animal. O código disporase impreso nunha soa liña adaptada á forma do brinco, en paralelo ao bordo exterior e ocupando como máximo a metade da circunferencia total.

Estará formado polas letras ES (segundo a Norma UNE-EN-ISO 3166), seguidas polos dous díxitos do código representativos da comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla, e os seguintes dez díxitos de identificación individual. A impresión será por láser, cun contraste mínimo do 74 % negro e cunha separación mínima entre caracteres de 1 mm. O tamaño de fonte mínimo será de 4 mm de altura.

Adicionalmente, o anverso da peza macho poderá conter calquera outra información complementaria, sempre que isto non afecte a lexibilidade do código de identificación animal.

A aplicación realizarase preferiblemente na orella esquerda do animal para facilitar a lectura de ambas as marcas (visual e electrónica).

H. *Características das marcas auriculares electrónicas para os animais menores de 12 meses que se destinan ao comercio intracomunitario ou á exportación a terceiros países*


1. A marca consistirá nun brinco de forma rectangular.
2. A cor será amarelo RAL 1016 e estable aos raios ultravioletas.
3. Fabricarase nun material plástico de alta flexibilidade, non elástico, inalterable, a proba de falsificacións, non reutilizable e biocompatible. Unha vez implantado, permanecerá suxeito ao animal sen afectar o seu benestar e será facilmente visible a distancia durante toda a vida do animal.

4. A marca auricular constará de dúas pezas, macho e femia, que poden estar unidas entre si formando unha única. Ambas as pezas presentarán un escudo constitucional por inxección ou por láser no anverso da peza cunhas dimensións máximas de 7 x 7 mm e indicación da data de fabricación a través dun datador na matrizaría.

A peza femia posuirá unha cabeza fechada ou aberta e permitirá unha máxima aireación.

A punta da hasta da peza macho poderá ser do mesmo material que o corpo ou de aliaxe metálica resistente á oxidación e o seu tamaño deberase axustar ás medidas da cabeza da peza femia, de forma que se asegure a suxeición das pezas macho e femia entre si.

O transpondedor pode estar contido de forma inviolable tanto na peza femia como na peza macho. Deberase asegurar a estanquidade da cavidade que aloxe o transpondedor.



Medidas de cada peza:

- Alto:  $40 \pm 6$  mm.
- Largo:  $15 \pm 5$  mm.
- Espesor:  $2 \pm 1$  mm na peza que non conteña o transpondedor.
- Distancia de separación entre pezas: mínimo 9,5 mm

O peso máximo do conxunto (peza femia + peza macho) será de 8 g.

5. O brinco levará impreso en ambas as pezas, de forma indeleble, o mesmo código de identificación animal. O código estará formado polas letras ES (segundo a Norma UNE-EN-ISO 3166), seguidas polos dous díxitos do código representativos da comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla, e os seguintes dez díxitos de identificación individual. A impresión será por láser, cun contraste mínimo do 74 % negro e cunha separación mínima entre caracteres de 1 mm. O tamaño de fonte mínimo será de 4 mm de altura.

Adicionalmente, o anverso da peza macho poderá conter calquera outra información complementaria, sempre que isto non afecte a lexibilidade do código de identificación animal.

A aplicación realizarase preferiblemente na orella esquerda do animal para facilitar a lectura de ambas as marcas (visual e electrónica).

#### I. *Características técnicas dos aplicadores semiautomáticos de brincos (tenaces)*

1. Para colocar os brincos tipo bandeira e botón utilizaranse aplicadores semiautomáticos (tenaces) de metal lixeiro que facilite o seu uso, con agulla de punta roma incorporada e intercambiable. O fabricante deberá subministrar con cada aplicador unha agulla de recambio.

2. As tenaces serán preferentemente universais e poden servir para utilizarse noutras especies animais; é recomendable que leven a indicación de fabricante, co obxecto de asegurar a eficacia da relación brinco-tenaces e optimizar a aplicación dos brincos.

Debido á súa especial conformación aceptárase que as tenaces aplicadoras para brincos rectangulares non sexan compatibles cos brincos bandeira e botón. Estas tenaces non teñen necesariamente que posuír unha agulla para aplicar o brinco, especialmente se a hasta do brinco rectangular é maciza.

#### J. *Características técnicas das pistolas dosificadoras para a aplicación de bolos ruminais*

As pistolas dosificadores deberán reunir as seguintes características:

- Permitir unha correcta suxeición do bolo para a súa aplicación.
- Ser fáciles de manexar e fabricadas con material resistente.
- Posuír un peso non superior a 450 g.
- Estar deseñadas de maneira que se minimize o risco de inflixir feridas ao animal, evitando bordos cortantes ou o uso de materiais que acaben dexenerando en procesos de esteladura ou similares, que poidan producir lesións no proceso de aplicación.

#### K. *Características técnicas dos dispositivos para a aplicación de inxectables*

Os dispositivos para a aplicación de inxectables deberán presentar as seguintes características:

- Permitir unha correcta suxeición do inxectable para a súa aplicación.
- Ser fáciles de manexar e fabricados con material resistente.

– Estar deseñados de maneira que se minimize o risco de inflixir feridas ao animal, evitando o uso de materiais que acaben dexenerando en procesos de esteladura ou similares, que poidan producir lesións no proceso de aplicación.

– O sistema de aplicación debe minimizar o risco de infeccións relacionadas coa aplicación mediante aseguramento da esterilidade do inxectable ou o emprego de desinfectantes.

#### L. *Características técnicas dos lectores de radiofrecuencia*

Os lectores de radiofrecuencia, en calquera das súas modalidades, deberán cumprir cos requisitos establecidos nas normas UNE-ISO 11785 ou equivalentes, e as posteriores modificacións de cada unha delas.

Para poder verificar o cumprimento destas normas, o fabricante deberá presentar unha declaración de conformidade do seu produto coas normas citadas no número anterior.

Poderanse utilizar lectores dos seguintes tipos:

1. Lectores de radiofrecuencia de man ou portátiles: lector non integrado en ningunha instalación, que contén en si mesmo todos os elementos necesarios para a súa utilización autónoma, coas características de tamaño e peso adecuadas para permitir o seu transporte e utilización manual. Deberá mostrar en pantalla o código completo do transpondedor. É recomendable que conte con conexión con antena accesoria externa ou con dispositivo de xestión de información, que funcione con baterías recargables, que o seu peso sexa reducido e que conteña un teclado alfanumérico con posibilidade de introducir e almacenar datos na memoria.

2. Lectores de radiofrecuencia fixos: lector destinado a ser instalado nun lugar con carácter fixo e permanente ao non preverse ningún desprazamento dos dispositivos electrónicos nin dos posibles complementos que compoñen o lector. O fabricante deberá sinalar que tipos de xestores de datos require ou permite o sistema.

3. Lectores de radiofrecuencia transportables: lector destinado a ser instalado como fixo con carácter temporal, que pode desinstalarse e transportarse a outro lugar para realizar a súa función como fixo en distintos lugares. O fabricante deberá sinalar que tipos de xestores de datos require ou permite o sistema.

## ANEXO II

### Códigos identificativos das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla

- 01 Andalucía.
- 02 Aragón.
- 03 Principado de Asturias.
- 04 Illes Balears.
- 05 Canarias.
- 06 Cantabria.
- 07 Castilla-La Mancha.
- 08 Castilla y León.
- 09 Cataluña.
- 10 Extremadura.
- 11 Galicia.
- 12 Madrid.
- 13 Rexión de Murcia.
- 14 Comunidade Foral de Navarra.
- 15 País Vasco.
- 16 La Rioja.
- 17 Comunidade Valenciana.
- 18 Cidade de Ceuta.
- 19 Cidade de Melilla.

## ANEXO III

## Código do transpondedor

## A. Estructura do código do transpondedor

1. O código do transpondedor estará formado pola estrutura que figura na norma UNE-ISO 11784 e na Decisión 2006/968/CE da Comisión, do 15 de decembro de 2006, pola que se aplica o Regulamento (CE) n.º 21/2004 no que respecta ás directrices e procedementos para efectos da identificación electrónica dos animais das especies ovina e cabrúa e as súas posteriores modificacións.

2. A estrutura do código do transpondedor estará formada por 23 díxitos que, lidos de esquerda a dereita, corresponderán a:

- Primeiro dígito: uso do identificador, que será un 1 ao ser o obxectivo un animal.
- Segundo dígito: contador de reidentificación, de 0 a 7.
- Terceiro e cuarto díxitos: código de especie animal, que será 04 para animais da especie ovina e cabrúa.
- Quinto e sexto díxitos: díxitos reservados.
- Sétimo dígito: presenza de bloque de datos, que será un 0 para animais.
- Oitavo, noveno, décimo e décimo primeiro díxitos: código de país, que segundo a norma UNE-EN-ISO: 3166 para España é 0724.
- Décimo segundo e décimo terceiro díxitos: código de comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla, segundo o anexo II.
- Décimo cuarto a vixésimo terceiro dígito: identificación individual do animal.

## B. Unicidade de códigos de transpondedores

1. A autoridade competente deberá garantir que se asignou un só código do transpondedor por cada identificador implantado.

2. Para facilitar a xestión de códigos de unicidade, cada comunidade autónoma, Ceuta ou Melilla poderá utilizar un total de 10.000 millóns de códigos de identificación animal que comezarán polo código no anexo II.

3. Cada comunidade autónoma, ou Ceuta ou Melilla, poderá adquirir códigos dos transpondedores cuxo código de identificación animal estea comprendido nas series indicadas no cadro seguinte.

Comunidade autónoma ou cidades de Ceuta ou Melilla	Series de códigos que utiliza cada comunidade autónoma ou cidades de Ceuta ou Melilla
Andalucía.	010000000000 ao 019999999999
Aragón.	020000000000 ao 029999999999
Principado de Asturias.	030000000000 ao 039999999999
Illes Balears.	040000000000 ao 049999999999
Canarias.	050000000000 ao 059999999999
Cantabria.	060000000000 ao 069999999999
Castilla-La Mancha.	070000000000 ao 079999999999
Castilla y León.	080000000000 ao 089999999999
Cataluña.	090000000000 ao 099999999999
Extremadura.	100000000000 ao 109999999999
Galicia.	110000000000 ao 119999999999
Comunidade de Madrid.	120000000000 ao 129999999999
Rexión de Murcia.	130000000000 ao 139999999999
Comunidade Foral de Navarra.	140000000000 ao 149999999999
País Vasco.	150000000000 ao 159999999999
La Rioja.	160000000000 ao 169999999999
Comunidade Valenciana.	170000000000 ao 179999999999

Comunidade autónoma ou cidades de Ceuta ou Melilla	Series de códigos que utiliza cada comunidade autónoma ou cidades de Ceuta ou Melilla
Cidade de Ceuta.	180000000000 ao 189999999999
Cidade de Melilla.	190000000000 ao 199999999999

4. Cando unha comunidade autónoma, ou Ceuta ou Melilla, esgote completamente unha das series asignadas segundo o número anterior, deberá solicitar ao Comité español de identificación electrónica dos animais a utilización doutra serie, inutilizada até ese momento.

5. A totalidade de códigos de identificación animal utilizados en España estarán incluídos no intervalo comprendido entre o código 000000000000 e o 274877906943.

#### ANEXO IV

##### Datos mínimos do libro de rexistro de explotación

1. O libro de rexistro de explotación conterá como mínimo os datos seguintes:
  - a) Código de explotación.
  - b) Nome, coordenadas xeográficas e/ou enderezo da explotación.
  - c) Identificación do titular, NIF, teléfono e enderezo completo
  - d) Especies mantidas, ovino ou cabrún, e clasificación da explotación, desagregada por cada unha das establecidas no número 3 do artigo 11.
  - e) Inspeccións e controis: data de realización, motivo, número de acta, se for o caso, e identificación do veterinario actuante.
  - f) Entrada de animais, por especie: data, cantidade de animais e categoría a que pertencen desagregada por cada unha das clasificacións establecidas no número 4 do artigo 11; código da explotación de procedencia e número de guía, certificado sanitario ou documento de movemento.
  - g) Saída de animais por especie: data, cantidade de animais e categoría a que pertencen desagregada por cada unha das clasificacións establecidas no número 4 do artigo 11; nome do transportista, número de matrícula da parte do medio de transporte que conteña os animais, código da explotación, incluíndo matadoiros, ou lugar de destino e número de guía, certificado sanitario ou documento de movemento.
  - h) Censo total de animais mantidos por explotación durante o ano anterior, desagregado por cada unha das clasificacións e de acordo coas declaracións previstas no número 4 do artigo 11.
  - i) Balance de reprodutores cada vez que se realice unha entrada, saída ou que os animais da propia explotación accedan á condición de reprodutores.
  - j) Substitucións de medios de identificación por perdas ou deterioracións ou para a anotación das marcas que se coloquen en animais que procedan de terceiros países, indicando a data da acción.
  - k) Nome, apelidos e sinatura do representante das autoridades competentes que comprobouse o rexistro e a data en que se levou a cabo a comprobación.

Non obstante, o libro de rexistro dos matadoiros poderá non incluír os datos contidos nas alíneas d, e, g, i, j e k anteriores.

2. Para os animais nados a partir do 31 de decembro de 2009 e identificados individualmente, engadirase a seguinte información:

- a) Código de identificación do animal.
- b) Na explotación de nacemento, ano de nacemento e data de identificación.
- c) Raza e, se se coñece, o xenotipo.
- d) Mes e ano se o animal morreu na explotación.

No caso de animais identificados segundo o número 1 do artigo 5, esta información facilitarase para cada lote de animais coa mesma identificación e deberá incluír o número de animais.



## ANEXO V

## Datos mínimos da base de datos de códigos de transpondedores

1. Códigos dos transpondedores adquiridos:
  - a) Serie de códigos adquirida.
  - b) Número de identificadores que compoñen a serie.
  - c) Nome comercial do fornecedor.
  - d) Tipo de identificadores adquiridos.
  - e) Data de adquisición.
2. Códigos dos transpondedores asignados:
  - a) Intervalos de códigos dos identificadores asignados.
  - b) Código da explotación.
  - c) Data de asignación.
  - d) Especie de destino.

## ANEXO VI

**Datos mínimos do informe anual das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, remitido ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, sobre as inspeccións realizadas**

## 1. Información xeral sobre animais e inspeccións

O número de explotacións ovinas e cabrúas situadas no seu ámbito territorial ao inicio do período de referencia.....

O número de explotacións inspeccionadas no marco deste real decreto .....

Total de inspeccións realizadas .....

	Ovinos	Cabrúns
O número de animais rexistrados no seu ámbito territorial ao comezo do período.....		
O número de animais en explotacións inspeccionadas .....		

## 2. Categoría dos incumprimentos e número de animais e explotacións

	Animais afectados		Explotacións afectadas
	Ovinos	Cabrúns	
1. Anomalía na identificación do animal.....			
2. Discrepancia no libro de rexistro da explotación .....			
3. Falta de notificación de movemento .....			
4. Anomalía no documento de movemento.....			
5. Animais e explotacións cun único incumprimento dos mencionados nos puntos 1 a 4.....			
6. Animais e explotacións con máis dun incumprimento dos mencionados nos puntos 1 a 4.....			
7. Total de animais e explotacións con incumprimentos, suma dos puntos 5 e 6 .			

## 3. Sancións impostas

	Animais afectados	Explotacións afectadas
Total .....		